

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 17.04.2026

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 17 de abril de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 46259 (12/CPC-000151)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, por petición propia, para informar das axudas á reforestación no ano 2026  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319f1, do 22.01.2026*

## **Punto 2. Preguntas**

- 2.1 34868 (12/POC-008049)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Davila, María Cristina  
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe aos labores de restauración e prevención nos montes da Cañiza e da comarca do Condado-A Paradanta logo dos incendios de xullo de 2025  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 266f1, do 09.10.2025*  
*Publicación recualificación, BOPG n.º 334f3, do 13.02.2026*
- 2.2 45561 (12/POC-007302)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis  
Sobre o avance do plan da Consellería do Medio Rural para a mellora das infraestruturas relacionadas coa posta en marcha das bases das unidades operativas (BUO) e do Centro Integral de Loita Contra o Lume  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 320f4, do 23.01.2026*
- 2.3 49542 (12/POC-007989)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández González, Ariadna e 2 máis  
Sobre as valoracións da Xunta de Galicia e as accións que prevé levar a cabo ante a previsible caída dos prezos do leite en orixe nos novos contratos do mes de marzo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 333f2, do 12.02.2026*



- 2.4 50325 (12/POC-008078)  
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia  
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen  
Sobre a avaliación dos danos económicos, produtivos e estruturais nas explotacións agrícolas e gandeiras producidos polos actuais episodios de chuvias persistentes e as previsións da Xunta de Galicia en canto a axudas e asesoramento ao sector  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 337f3, do 20.02.2026*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026

María Encarnación Amigo Díaz  
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/04/2026 14:15:27



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 14:34:35



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 08/04/2026 14:34:34  
**Nº Rexistro: 13650**  
Data envío: 08/04/2026 14:34:34.907

CSV: REXP-G-hz6ZjV6Ky-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

## Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 17.04.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 17.04.2026**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 46259(12/CPC-000151)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal,  
por petición propia, para informar das axudas á reforestación  
no ano 2026

*Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026*

**Asunto:** Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes- da directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal para informar **das axudas á reforestación no ano 2026.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**  
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.  
Santiago de Compostela. 15705  
Tfno. 981 54 49 19  
Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)

CSM-REXPG-Y51gBLPz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
16/01/2026 21:47:47

Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 21:47:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2026 10:00:00**  
**Nº Rexistro: 46259**  
Data envío: 16/01/2026 21:47:49.870

CSV EXPG-YS19BLPz-7  
Validado  
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/nome/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 17.04.2026

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 17.04.2026**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 34868(12/POC-008049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe aos labores de restauración e prevención nos montes da Cañiza e da comarca do Condado-A Paradanta logo dos incendios de xullo de 2025

*Publicación da iniciativa, 266f1, 09.10.2025*

*Publicación recualificación, 334f3, 13.02.2026*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/09/2025 12:38:54

Nº Rexistro: 34868

Data envío: 26/09/2025 12:38:54.282

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, a recuperación do monte queimado no incendio que arrasou en xullo máis de 300 ha no concello da Caniza, na comarca do Condado-Paradanta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos primeiros lumes deste ano 2025 foi o declarado na Caniza o pasado 30 de xullo. Un incendio forestal que afectou ás parroquias do Couto e Valeixe, sobre todo nos lugares de Curuxeiras, Sibeí, A Ibia, O Castro e Barreiros entre outros.

A Xunta de Galiza, ante a proximidade das lapas ás vivendas, tivo que declarar a situación 2 e empregou o ES-Alert para emitir unha orde de confinamento para varios núcleos rurais, procedendo ao desaloxo da veciñanza en Valeixe, ante a evolución do lume e o risco inminente para as persoas.

Aínda que a Xunta de Galiza informou dos efectivos despregados neste operativo para controlar e extinguir o lume na Caniza (5 bulldozers, 19 brigadas, 9 motobombas, 5 avións e 8 helicópteros, así como solicitar a incorporación da UME), os medios non foron os suficientes para unha acción rápida e contundente e quedaron arrasadas máis de 300 ha do territorio.

Neste caso, non había máis focos de lumes na contorna e todos os recursos poideron concentrarse e traballar neste concello para evitar a súa propagación e posterior extinción. Pero non sempre acontece así e como comprobamos cos lumes que arrasaron a provincia de Ourense, se os efectivos non aparecen no foco ao primeiro aviso, as consecuencias son nefastas para o territorio e incluso a vida das persoas. Canto máis se o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/09/2025 12:38:54  
Nº Rexistro: 34868  
Data envío: 26/09/2025 12:38:54.282

lume está incidindo en zonas que xa foron afectadas pola vaga de lumes de 2017 ou do 2022, a recuperación do monte queimado non vai ser espontánea se non se adoptan as medidas necesarias por parte da Consellería do Medio Rural.

A Xunta de Galiza non asume a súa responsabilidade e deriva a mesma, como outras moitas veces, no Goberno do Estado ou nos Concellos, malia que ostenta as competencias plenas en prevención e defensa contra os incendios.

Estudos e series estatísticas amosan que Galiza é un dos territorios máis afectados en Europa, cun aumento constante na área queimada ao longo das décadas. A zona da Caniza, no Condado-Paradanta, é un deses lugares nos que se combate o lume practicamente cada ano.

É urxente poñer en marcha medidas como:

- Maior investimento en accións preventivas durante todo o ano, incidindo nas zonas de máis risco.
- Ordenación do territorio.
- Apostar por un monte multifuncional con distintas actividades económicas.
- Intensificar a cooperación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- Garantir unha xestión pública e comunal do monte
- Recuperar e dimensionar as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

É necesario un pulo decidido a políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados coa maior urxencia e antes de que cheguen as choivas intensas e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, e que contribúen a fixar poboación no rural e a afastar os lumes.

O PP debe cesar de por o monte galego ao servizo da especulación, ofrecéndoo a grandes multinacionais enerxéticas, pasteiras e mineiras e que esta vaga de lumes de lugar a un cambio de rumbo cara a resolver problemas como a mudanza climática, o





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 26/09/2025 12:38:54  
**Nº Rexistro: 34868**  
Data envío: 26/09/2025 12:38:54.282

despoboamento do territorio, a desertización, o abandono da actividade agraria e gandeira, un servizo de prevención e extinción de incendios precario e estacionalizado, e unha actividade forestal de monocultivo de especies pirófitas que dan lugar a unha biomasa descontrolada que favorece ao lume. Todos eles deben ser abordados con urxencia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Medio Rural dotar de medios e orzamento para poñer en marcha os traballos necesarios de Prevención durante todo o ano, adaptado ás características da comarca, sempre coordinados coas Comunidades de Montes de cada parroquia?

2.- Vai a Consellería facer un investimento urxente e cos orzamentos precisos para iniciar o ciclo dunha restauración completa nas zonas afectadas do Concello da Caniza, así como noutros concellos da comarca do Condado-Paradanta que tamén sufriron contínuos lumes na última década?

3.- Vai crear cortalumes naturais de frondosas nos perímetros de núcleos habitados para a protección das propiedades e das persoas?

4.- Vai a Xunta de Galiza activar de xeito urxente as axudas que permitan ao Concello da Caniza e á veciñanza recuperar todo o perdido no incendio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: FEXPC-xsgZqASRf-0  
Validado  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/inmiles/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/09/2025 12:35:44



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/09/2025 12:38:54**  
**Nº Rexistro: 34868**  
Data envío: 26/09/2025 12:38:54.282



CSV: EEXPC-xsgZqASfR-0  
Validación:  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/nome/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 12:38:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/09/2025 12:38:54**  
**Nº Rexistro: 34868**  
Data envío: 26/09/2025 12:38:54.282



CSV: EEXPC-xsgZqASR-0  
Validación:  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nam/lee/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 49277**  
Data envío: 04/02/2026 08:47:28.649

### Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita (doc. núm. **34868**) **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 7ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026

CSM-REVP-G-H5JqteTO-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>



Asinado o día 04/02/2026 ás  
08:45  
Por Cristina Fernández Davila

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/02/2026 8:45:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 49277**  
Data envío: 04/02/2026 08:47:28.649

CSV EXPG-H5f4e7O-8  
Validación:  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nomea/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 8:47:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/02/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 49277**  
Data envío: 04/02/2026 08:47:28.649

CSV EXPG-H5f4e7O-8  
Validación:  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nomea/csv/>



## OFICIO

**Asunto:** Solicitud de aprazamento en Comisión

Na orde do día da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, que terá lugar o día 13.03.26 ás 10:30h, figura incluída a pregunta núm. **34868**, asinada por dona Cristina Fernández Davila, do GP do Bloque Nacionalista Galego.

Infórmolle que a Consellería do Medio Rural, comunica a imposibilidade de asistencia da persoa encargada de darlle resposta, por motivos persoais, polo que solicito o **aprazamento** na substanciación da citada iniciativa para unha posterior sesión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. presidente/a da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**  
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.  
Santiago de Compostela. 15705  
Tfno. 981 54 49 19  
Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)

CSM-REVP-G-YTxdh9Ohz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES  
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las  
10/03/2026 12:46:37

Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 12:46:48



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/03/2026 12:46:49**  
**Nº Rexistro: 53101**  
Data envío: 10/03/2026 12:46:49.678



CSV EXPG-YTxn50hz7  
Validador:  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nomea/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 17.04.2026**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**


2.2 45561(12/POC-007302)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o avance do plan da Consellería do Medio Rural para a mellora das infraestruturas relacionadas coa posta en marcha das bases das unidades operativas (BUO) e do Centro Integral de Loita Contra o Lume

*Publicación da iniciativa, 320f4, 23.01.2026*



CSM-REVP-G-DO-Dy6im-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

En 2022 era posto en consideración do Parlamento de Galicia un “novo concepto” no que se refire ás instalacións do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Na pretensión de mellorar as súas condicións, establecíanse as Bases de Unidades Operativas –mellor coñecidas polas súas siglas como BUO–, no seo do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026. Estas BUO viñan a substituír os actuais puntos de encontro das brigadas forestais.

Deste xeito, naquel momento planificábase a súa implantación coa construción de tres destas bases nos concellos de Muíños (Ourense), Mondoñedo (Lugo) e Rianxo (A Coruña), así como coa reforma integral de máis dunha decena de bases espalladas polo territorio, destacando as obras da sede do distrito forestal XIV Verín-Viana.

Neste sentido, cómpre sinalar que estas BUO son espazos dedicados á defensa do monte, contedores de servizos de protección forestal que poden funcionar como nodo de todos os axentes participantes na defensa do monte, favorecendo a conciliación entre o tempo de traballo e de descanso dos brigadistas, e tendo en conta a integración na contorna.

A estes efectos, tamén xorde o interese por coñecer a evolución, desde a súa inauguración en decembro de 2023, do Centro integral de loita contra o lume, que se presentaba como referente en formación, cooperación e investigación en incendios forestais; sobre todo, en relación coa parte rehabilitada e posta en práctica da que era a lavandaría do antigo psiquiátrico para convertelo nun espazo formativo e administrativo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do avance do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural en relación coa posta en práctica das Bases de Unidades Operativas e do Centro integral de loita contra lume?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 15:52:20  
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 15:52:26  
José Mato Díaz na data 14/01/2026 15:52:34  
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 15:52:40  
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 15:52:47  
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 15:52:55  
Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 15:53:06  
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 15:53:13  
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 15:53:20

CSV XERX-DC-D0zgDy6lr-7  
Validación:  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/namites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 15:54:51



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/01/2026 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 45561**  
Data envío: 14/01/2026 15:54:50.109

CSV: EXPC-D0zgDy6lr-7  
Validación:  
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/nam/lee/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 17.04.2026**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 49542(12/POC-007989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as valoracións da Xunta de Galicia e as accións que prevé levar a cabo ante a previsible caída dos prezos do leite en orixe nos novos contratos do mes de marzo

*Publicación da iniciativa, 333f2, 12.02.2026*



GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2026 10:52:28  
Nº Rexistro: 49542  
Data envío: 05/02/2026 10:52:28.825

Asinado o día 05/02/2026 ás  
10:50  
Por Secundino Fernández  
Fernández

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ás medidas que vai adoptar a Consellería de Medio Rural para evitar a forte baixada de prezos do leite en orixe que se prevé na firma dos contratos a finais do mes de marzo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade do sector lácteo galego ven marcada nos últimos anos por unha forte volatilidade dos prezos en orixe, que desestabilizaron constantemente aos produtores/as, xerando un ambiente de inseguridade que non propicia o entorno necesario para afrontar, en moitos casos, novos proxectos ou mesmo a continuidade dos xa existentes.

Froito deses vaivéns recorrentes e da necesidade dunha grande evolución nas ganderías do país que as transformou totalmente, tanto a nivel de instalacións, xenética e profesionalización, coma de benestar, confórmase agora o mapa do leite de Galiza, onde unhas escasas 5.000 explotacións producen algo máis do 40% do leite do estado. Fronte ao elevado número de granxas que enchía o territorio nos anos 90, cando estaban rexistradas máis de 90.000, a actualidade deste sector concentra cada vez máis animais, desaparecendo a grande velocidade as explotacións de pequeno e mediano tamaño, con case un titular que deixa a actividade ao día. Penalizadas fortemente nos prezos por unha industria que prima a cantidade sobre a calidade, abandonan unha actividade que deixa día a día máis territorio sen xestionar no país e menos poboación nas aldeas onde a gandería é quen garantiu ate o de agora que non se baleirasen as casas.

Asinado o día 05/02/2026 ás  
10:50  
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 05/02/2026 ás  
10:50  
Por Ariadna Fernández González

CSV: REVPG-30-vdzlk-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela. Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2026 10:52:28**  
**Nº Registro: 49542**  
Data envío: 05/02/2026 10:52:28.826

Ese leite que sae das granxas galegas ten unha calidade en canto e graxa e proteína que acadan a media do estado dende fai xa anos e unha seguridade alimentaria excepcional mais, contraditoriamente, é pagado a un prezo que se atopa sempre por debaixo da media estatal, malia sermos agora mesmo quen garante a maior parte do produto que chega á industria.

As novas recentes sobre a posible baixada de prezos coa chegada dos novos contratos ás explotacións no mes de marzo, xa que o 90% dos gandeiros renovarán o seu contrato o 1 de abril, deixan unha sensación de incerteza nos produtores, que ven como o prezo non varía en distribución pero si o fai en orixe, neste caso con baixadas que ameazan con superar os 6 céntimos por litro. Malia non ter o mesmo efecto no caso das subidas, que tardaron meses en facerse efectivas no noso país no seu momento e nunca foron na mesma medida que no resto do estado e a UE, agora os produtores/as afrontan un descenso no que non teñen practicamente capacidade de manobra, xa que non son eles quen marcan o valor do seu produto, deixándoos nunha situación de total indefensión.

Coa constancia da necesidade de produto por parte da industria, que agora mesmo ve Galiza como o único territorio do estado que garantirá o subministro a medio-longo prazo, e tendo en conta que o estado español é deficitario en leite, cómpre que a Xunta de Galiza actúe con celeridade. É prioritario asegurar que os nosos gandeiros e gandeiras reciben alomenos o mesmo prezo polo seu leite que o que se está a pagar no resto do estado e garantir que se cumpre a lei da cadea alimentaria, solicitando que a industria se reúna co goberno para participar das negociacións e evitar que o que agora mesmo son “posibles” baixadas do prezo se eviten e non teñan un impacto inasumible por parte dos titulares. Da contra, ese escenario de indefensión, impotencia e falla de capacidade de negociación dos propios produtores fronte á baixada próxima, darase coa connivencia do goberno galego, que non é quen de defender os intereses dun sector de vital importancia no país, tanto a nivel económico coma territorial.

CSV XERXAL  
Validado  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/nome/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2026 10:52:28**  
**Nº Rexistro: 49542**  
Data envío: 05/02/2026 10:52:28.826

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:


1. Que accións vai levar a cabo a Consellería de Medio Rural para evitar a forte baixada de prezos do leite en orixe que se prevé na firma dos contratos a finais do mes de marzo? Mantivo contactos a Consellería de Medio Rural coa industria láctea para informarse dos motivos da baixada de prezos nos novos contratos e requirir que se manteñan?

2. Considera a Xunta de Galiza que está a defender os intereses do sector lácteo galego cando permite que sexamos quen ten o menor prezo por litro do estado malia ser os que máis cantidade aportamos á produción total?

3. Ten constancia a Xunta de Galiza da necesidade de leite da industria e a súa preocupación debido ao difícil de materia prima do estado e do seu coñecemento de que Galiza é quen vai manter o subministro a medio e longo prazo?

4. Considera a Xunta de Galiza que non tomar medidas ao respecto de que se prime cantidade sobre calidade prexudicando ás medianas e pequenas explotacións é acertado na defensa do sector lácteo galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/02/2026 10:50:32

Sonia Vidal Lamas na data 05/02/2026 10:50:40

Secundino Fernández Fernández na data 05/02/2026 10:50:48

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2026 10:52:28**  
**Nº Rexistro: 49542**  
Data envío: 05/02/2026 10:52:28.826

CSV EXPG-38vfdzk-3  
Validador:  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/namites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 10:52:29



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2026 10:52:28**  
**Nº Rexistro: 49542**  
Data envío: 05/02/2026 10:52:28.826



CSV EXPG-38vfdzk-3  
Validado  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nomea/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 17.04.2026**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 50325(12/POC-008078)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a avaliación dos danos económicos, produtivos e estruturais nas explotacións agrícolas e gandeiras producidos polos actuais episodios de chuvias persistentes e as previsións da Xunta de Galicia en canto a axudas e asesoramento ao sector

*Publicación da iniciativa, 337f3, 20.02.2026*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/02/2026 16:54:12  
Nº Rexistro: 50325  
Data envío: 11/02/2026 16:54:12.275

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O sector primario galego está a atravesar unha situación excepcional derivada da persistencia de episodios de choiva intensa e continuada, que están a provocar graves dificultades para o desenvolvemento normal das actividades agrícolas e gandeiras en todo o territorio.

As precipitacións acumuladas están impedindo o acceso ás fincas, atrasando a sementeira e a plantación de cultivos, dificultando os labores de poda e abonado, afectando á sanidade vexetal e ao benestar animal, e provocando perdas económicas significativas. En comarcas como A Limia, O Salnés, Deza ou a Mariña interior, están a rexistrarse parcelas inundadas, invernadoiros danados, deterioro dos cultivos de inverno e sobrecostos nas explotacións gandeiras, especialmente polo incremento do consumo de pensos e a imposibilidade de pastoreo.

Estas circunstancias excepcionais, alleas á vontade das persoas produtoras, comprometen a viabilidade de numerosas explotacións e agravan unha situación xa complexa marcada polo aumento dos custos de produción, a caída da rendibilidade e as dificultades de relevo xeracional.

Resulta imprescindible, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte medidas extraordinarias, tanto de carácter económico como técnico e administrativo, para minimizar o impacto destas condicións meteorolóxicas adversas, apoiar ao sector primario e garantir a continuidade da actividade agraria e gandeira.

Asinado o día 11/02/2026 ás  
16:52  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 11/02/2026 ás  
16:52  
Por Lara Méndez López

CSM-REXPG-mf6xcclhw8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/02/2026 16:54:12  
Nº Rexistro: 50325  
Data envío: 11/02/2026 16:54:12.275**

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia recoñecer a situación excepcional provocada polas choivas persistentes e avaliar con urxencia os danos económicos, produtivos e estruturais nas explotacións agrícolas e gandeiras?
2. Ten previsto habilitar liñas extraordinarias de axuda directa para compensar, as perdas de produción, o incremento dos custos de alimentación animal, os danos en infraestruturas agrarias (invernadoiros, accesos, drenaxes, balsas, etc.)?
3. Contempla estudar activar medidas fiscais e administrativas excepcionais, incluíndo a moratoria no pagamento de impostos e taxas autonómicas vinculadas á actividade agraria. Ou a flexibilización dos requisitos da PAC en relación cos prazos de sementeira, plantación, rotacións e cumprimento de ecorexímenes, solicitando as correspondentes adaptacións ante a Comisión Europea?
4. Vai a executar con carácter urxente actuacións de limpeza, mantemento e mellora de canles, drenaxes, regatos ... , especialmente en zonas mais vulnerables ás inundacións?
5. Está a avaliar o reforzo dos servizos técnicos e de asesoramento ao sector, proporcionando información actualizada, apoio sanitario-vexetal e acompañamento técnico para minimizar riscos de enfermidades, perdas de colleita e impactos a medio prazo?

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2026



CSV: REXPO-m46xdt1w-8  
Validador:  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/namites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 11/02/2026 16:52:21

Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2026 16:52:27

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/02/2026 16:54:12**  
**Nº Rexistro: 50325**  
Data envío: 11/02/2026 16:54:12.275

CSV EXPC-m46xdt1w-8  
Verificar  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/namlee/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 16:54:13



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/02/2026 16:54:12**  
**Nº Rexistro: 50325**  
Data envío: 11/02/2026 16:54:12.275

CSV EXPC-m46xdt1w-8  
Verificar  
<https://sexta.parlamentodegalicia.gal/nomea/csv/>

